

**5451** LEI 3/2003, do 14 de marzo, sobre a orde europea de detención e entrega. («BOE» 65, do 17-3-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 13 de xuño de 2002 o Consello de Ministros de Xustiza e Interior adoptou a Decisión marco relativa á orde de detención europea e ós procedementos de entrega entre estados membros (DOCE L 190/1, do 17 de xullo de 2002), primeiro instrumento xurídico da Unión no que se fai aplicación de principio de recoñecemento mutuo enunciado nas conclusións de Consello Europeo de Tampere.

O mandato de crear un espazo de liberdade, seguridade e xustiza que o Tratado de Amsterdam lle encomendou á Unión ten por obxecto asegurar que o dereito á libre circulación dos cidadáns poida gozarse en condicións de seguridade e xustiza accesible a todos. Trátase, xa que logo, da creación dunha verdadeira comunidade de dereito na que se asegure a protección xurídica efectiva dos dereitos cidadáns e na que a lesión de tales dereitos conte coa resposta dun sistema xudicial sen fronteiras dentro da Unión.

Neste contexto, os mecanismos tradicionais de cooperación xudicial teñen que deixar paso a unha nova forma de entende-las relacións entre os sistemas xurídicos dos estados membros baseada na confianza. Aquí é onde se insire o principio de recoñecemento mutuo, que permite a execución practicamente automática das resolucións dictadas polas autoridades xudiciais dos demais estados.

Esta lei ten por obxecto cumprir coas obrigas que a Decisión marco establece para os estados membros, consistentes na substitución dos procedementos extradicionais por un novo procedemento de entrega das persoas sospeitosas de cometer algún delito ou que eluden a acción da xustiza despois de seren condenadas por sentenza firme. Este procedemento artículase ó redor dun modelo de resolución xudicial unificado a escala da Unión, a orde europea de detención e entrega, que pode ser emitida por calquera xuíz ou tribunal español que solicite a entrega dunha persoa a outro Estado membro para o seguimento de actuacións penais ou para o cumprimento dunha condena imposta. Do mesmo xeito, a autoridade xudicial competente en España deberá proceder á entrega cando sexa requirida pola autoridade xudicial doutro Estado membro.

A aplicación do principio de recoñecemento mutuo determina que, recibida a orde europea pola autoridade xudicial competente para a súa execución, esta se produza de xeito practicamente automático, sen necesidade de que a autoridade xudicial que ha de executa-la orde realice un novo exame da solicitude para verifica-la conformidade desta ó seu ordenamento xurídico interno. Deste xeito os motivos polos que a autoridade xudicial pode negarse á execución están taxados no texto da lei e a súa natureza permite unha apreciación obxectiva por parte da autoridade xudicial. Desaparecen, polo tanto, motivos de denegación habituais nos procedementos extradicionais, como os relativos á non entrega de nacionais ou á consideración dos delitos como delitos políticos.

O carácter profundamente innovador deste procedemento acentúase se se ten en conta que este se aplica en relación cunha ampla lista de categorías delictuais

que se establecen na Decisión marco, e con respecto ás cales xa non se pode seguir controlando a existencia de dobre incriminación. Deste xeito, recibida unha orde europea pola autoridade xudicial por algún dos tipos delictivos establecidos nesta lista, e sempre que supere un determinado limiar de pena, esta deberá proceder á execución con independencia de que o seu ordenamento penal recolla tal figura delictiva.

Outra das importantes achegas que se incorpora ó noso ordenamento con esta lei consiste en configura-lo procedemento de detención e entrega como un procedemento puramente xudicial, sen a penas intervención do executivo. Esta previsión ten todo o sentido se se ten en conta que, no espazo no que opera o principio de recoñecemento mutuo, que é un espazo de confianza recíproca, proceder a unha verificación da situación política do Estado emisor da orde europea non parece ter xa moito sentido. Posto que desaparece do procedemento a marxe para a apreciación discrecional da conveniencia ós intereses do Estado, a aplicación das previsións da orde europea pode atribuírse como competencia xudicial exclusiva.

Iso leva implícita outra gran vantaxe, como é a relativa á axilidade do procedemento. A orde europea é remitida directamente pola autoridade xudicial que a emite á autoridade que ha de proceder á súa execución, sen necesidade de que interveña a autoridade central. A entrega da persoa efectúase tras seguir un procedemento que a lei tomou especial coidado en configurar como áxil e rápido, co fin de dar cumprimento ós breves prazos ós que obriga a norma europea. Se hai consentimento á entrega, a decisión ha de adoptarse nos 10 días seguintes á prestación do consentimento. En caso de que a persoa reclamada non consinta na entrega, a decisión adoptárase nos 60 días seguintes á detención. A entrega deberá producirse normalmente, nun e noutro caso, nos 10 días seguintes á adopción da decisión.

Trátase, polo tanto, dunha lei que introduce modificacións tan substanciais no clásico procedemento de extradición que pode afirmarse sen reservas que este desapareceu das relacións de cooperación xudicial entre os Estados membros da Unión Europea. O procedemento de entrega que se aplicará no seu lugar permitirá a partir de agora que esta forma de cooperación xudicial directa opere de xeito eficaz e rápido, entre Estados cuns valores constitucionais que se basean no respecto dos dereitos fundamentais e nos principios democráticos.

#### CAPÍTULO I

##### Disposicións xerais

##### Artigo 1. *Definicións.*

1. A orde de detención europea (en diante, a orde europea) é unha resolución xudicial dictada nun Estado membro da Unión Europea de cara á detención e a entrega por outro Estado membro dunha persoa á que se reclama para o exercicio de accións penais ou para a execución dunha pena ou unha medida de seguridade privativas de liberdade.

2. Para os efectos desta lei, enténdese por:

«autoridade xudicial de emisión»: a autoridade xudicial do Estado membro emisor que sexa competente para dictar unha orde europea en virtude do dereito dese Estado;

«autoridade xudicial de execución»: a autoridade xudicial do Estado membro de execución que sexa competente para executa-la orde europea en virtude do dereito dese Estado.

**Artigo 2. Designación de autoridades competentes en España.**

1. En España, son «autoridades xudiciais de emisión» competentes para os efectos de emiti-la orde europea o xuíz ou tribunal que coñeza da causa na que proceda tal tipo de ordes.

2. En España, son «autoridades xudiciais de execución» competentes para os efectos de dar cumprimento á orde europea os xulgados centrais de instrucción e a Sala do Penal da Audiencia Nacional, nos casos e forma determinados por esta lei.

3. A autoridade central competente é o Ministerio de Xustiza.

**Artigo 3. Contido da orde de detención europea.**

A orde europea conterá, nunha das linguas oficiais do Estado membro de execución ou en calquera outra lingua aceptada por este, a información seguinte, establecida de conformidade co formulario que figura no anexo:

- a) A identidade e nacionalidade da persoa reclamada.
- b) O nome, o enderezo, o número de teléfono e de fax e o enderezo de correo electrónico da autoridade xudicial de emisión.
- c) A indicación da existencia dunha sentenza firme, dunha orde de detención ou de calquera outra resolución xudicial executiva que teña a mesma forza prevista no ámbito de aplicación dos artigos 5 e 9 deste lei.
- d) A natureza e tipificación legal do delito, en particular con respecto ós artigos 5 e 9 desta lei.
- e) Unha descrición das circunstancias en que se cometeu o delito, incluídos o momento, o lugar e o grao de participación neste da persoa reclamada.
- f) A pena dictada, se hai unha sentenza firme, ou ben, a escala de penas que establece a lexislación para ese delito.
- g) Se é posible, outras consecuencias do delito.

**Artigo 4. Gastos.**

Os gastos ocasionados en territorio español pola execución dunha orde europea de detención serán a cargo do Estado español. Os demais gastos correrán a cargo do Estado de emisión.

**CAPÍTULO II**

**Emisión dunha orde europea**

**Artigo 5. Obxecto da orde europea.**

1. As autoridades xudiciais de emisión españolas poderán dictar unha orde europea nos seguintes supostos:

- a) Co fin de proceder ó exercicio de accións penais, por aqueles feitos para os que a lei penal española sinale unha pena ou unha medida de seguridade privativas de liberdade dunha duración máxima de, polo menos, 12 meses.
- b) Co fin de proceder ó cumprimento dunha condena a unha pena ou unha medida de seguridade non inferior a catro meses de privación de liberdade.

2. Cando se trate de delitos para os que se prevexa unha pena ou medida de seguridade privativa de liberdade dunha duración máxima de, polo menos, tres anos e sexan susceptibles de integrarse nalgunha das categorías previstas no artigo 9.1, a autoridade xudicial de emisión deberao facer constar expresamente.

3. Así mesmo, a autoridade xudicial de emisión española poderalles solicitar ás autoridades de execu-

ción que, de conformidade co seu dereito interno, entreguen os obxectos que constitúan medios de proba ou efectos do delito.

4. As autoridades xudiciais de emisión españolas deducirán do período total de privación de liberdade que deba cumprirse en España como consecuencia dunha condena a unha pena ou medida de seguridade privativas de liberdade calquera período de privación de liberdade derivado da execución dunha orde europea.

**Artigo 6. Transmisión dunha orde europea.**

1. Cando se coñeza o paradiro da persoa reclamada, a autoridade xudicial de emisión española poderalle comunicar directamente á autoridade xudicial competente de execución a orde europea.

2. En caso de non ser coñecido o devandito paradiro, a autoridade xudicial de emisión española poderá decidir introducir unha descrición da persoa reclamada no Sistema de Información Schengen.

3. Sen prexuízo do disposto no punto 1 a autoridade xudicial de emisión española poderá decidir, en calquera circunstancia, introducir unha descrición da persoa reclamada no Sistema de Información Schengen.

4. As citadas descrições efectuaranse de conformidade co disposto no artigo 95 do Convenio de aplicación do acordo de Schengen do 14 de xuño de 1985, relativo á supresión gradual dos controis en fronteiras comúns do 19 de xuño de 1990. Unha descrición no Sistema de Información Schengen, acompañada da información que figura no artigo 3 desta lei, equivalerá para todos os efectos a unha orde de detención europea.

5. Se non é posible recorrer ó Sistema de Información Schengen, a autoridade xudicial de emisión española poderá recorrer ós servicios de Interpol para a comunicación da orde europea.

**Artigo 7. Procedemento de transmisión.**

A autoridade xudicial española de emisión poderá transmitir-la orde europea por calquera medio fiable que poida deixar constancia escrita, en condicións que permitan á autoridade de execución establecer-la súa autenticidade.

Calquera dificultade que xurda en relación coa transmisión ou a autenticidade dalgún documento necesario para a execución da orde europea solucionarase mediante comunicación directa entre as autoridades xudiciais implicadas.

Con posterioridade á transmisión da orde europea, a autoridade xudicial española de emisión poderá transmitir á autoridade xudicial de execución canta información complementaria sexa de utilidade para proceder á súa execución.

As autoridades xudiciais de emisión españolas remitirán unha copia das ordes europeas enviadas ó Ministerio de Xustiza.

**Artigo 8. Entregas temporais.**

1. Cando se emitise unha orde europea no suposto previsto no punto 1.a) do artigo 5, a autoridade xudicial de emisión española poderá solicitar da autoridade xudicial de execución, antes de que esta se pronuncie sobre a entrega definitiva, ben o traslado temporal a España da persoa reclamada para a práctica de dilixencias penais ou a realización da vista oral, ou ben ser autorizada para trasladarse ó Estado de execución co fin de tomar declaración á devandita persoa.

2. Se a autoridade xudicial de execución, tras acordala entrega da persoa reclamada, decidise suspender esta ata a realización de xuízo ou ata o cumprimento

da pena imposta no Estado de execución, por un feito distinto do que motivase a orde europea, a autoridade xudicial de emisión española poderá solicita-lo traslado temporal da devandita persoa co fin de proceder á práctica de dilixencias penais ou para a realización da vista oral.

### CAPÍTULO III

#### Execución dunha orde europea

##### Artigo 9. *Feitos que dan lugar á entrega.*

1. Cando a orde europea fose emitida por un delito que, tal como se define no dereito do Estado de emisión, pertenza a unha das categorías de delitos que a continuación se relacionan, e o devandito delito estivese castigado no Estado de emisión cunha pena ou unha medida de seguridade privativa de liberdade dunha duración máxima de, polo menos, tres anos, acordarase a entrega da persoa reclamada sen control da dobre tipificación dos feitos:

- pertenza a organización delictiva, terrorismo,
- trata de seres humanos,
- explotación sexual dos nenos e pornografía infantil,
- tráfico ilícito de estupefacientes e substancias psicotrópicas,
- tráfico ilícito de armas, municións e explosivos,
- corrupción,
- fraude, incluída a que afecte os intereses financeiros das Comunidades Europeas conforme o Convenio do 26 de xullo de 1995, relativo á protección dos intereses financeiros das Comunidades Europeas,
- branqueo do produto do delito,
- falsificación de moeda, incluída a falsificación do euro,
- delictos de alta tecnoloxía, en particular, delicto informático,
- delictos contra o medio, incluído o tráfico ilícito de especies animais protexidas e de especies e variedades vexetais protexidas,
- axuda á entrada e residencia en situación ilegal,
- homicidio voluntario, agresión con lesións graves,
- tráfico ilícito de órganos e tecidos humanos,
- secuestro, detención ilegal e toma de reféns,
- racismo e xenofobia,
- roubos organizados ou a man armada,
- tráfico ilícito de bens culturais, incluídas as antigüidades e as obras de arte,
- estafa,
- chantaxe e extorsión de fondos,
- violación de dereitos de propiedade industrial e falsificación de mercadorías,
- falsificación de documentos administrativos e tráfico de documentos falsos,
- falsificación de medios de pagamento,
- tráfico ilícito de substancias hormonais e outros factores de crecemento,
- tráfico ilícito de materiais radioactivos ou substancias nucleares,
- tráfico de vehículos roubados,
- violación,
- incendio voluntario,
- delictos incluídos na xurisdicción da Corte Penal Internacional,
- secuestro de aeronaves e buques,
- sabotaxe.

2. Nos restantes supostos non considerados no punto anterior, sempre que estean castigados no Estado de emisión cunha pena ou medida de seguridade privativa de liberdade dunha duración máxima de, polo

menos, doce meses, ou, cando a reclamación tiver por obxecto o cumprimento de condena a unha pena ou medida de seguridade non inferior a catro meses de privación de liberdade, a entrega poderá supeditarse ó requisito de que os feitos que xustifiquen a emisión da orde europea sexan constitutivos dun delito conforme a lexislación española, con independencia dos elementos constitutivos ou a súa cualificación.

##### Artigo 10. *Actuacións iniciais.*

1. Se o órgano xudicial español que recibe unha orde europea non é competente para lle dar curso, transmitiralle de oficio a devandita orde á Audiencia Nacional e informará diso á autoridade xudicial de emisión.

2. O Xulgado Central de Instrucción, como autoridade xudicial de execución española, comprobará que a orde europea estea traducida ó español.

No suposto de que non se remita a orde traducida, a autoridade xudicial de execución española comunicarllo á autoridade xudicial de emisión, co obxecto de que a remita no máis breve prazo. O procedemento suspenderase mentres non se reciba aquela.

Cando a detención da persoa reclamada sexa consecuencia da introducción da súa descrición no Sistema de Información Schengen, efectuada de conformidade co disposto no artigo 95 do Convenio de aplicación do acordo de Schengen, do 14 de xuño de 1985, relativo á supresión gradual dos controis nas fronteiras comúns, o Xulgado Central de Instrucción procederá, de oficio, á tradución da orde, sen suspenderlo procedemento.

3. O Xulgado Central de Instrucción comunicarlle ó Ministerio de Xustiza, coa maior brevidade posible, a recepción de cantas ordes europeas lle sexan remitidas para a súa execución.

##### Artigo 11. *Garantías que deberán ser solicitadas do Estado de emisión en casos particulares.*

1. Cando a infracción en que se basea a orde europea estea castigada cunha pena ou unha medida de seguridade privativas de liberdade a perpetuidade, a execución da orde de detención europea pola autoridade xudicial española estará suxeita á condición de que o Estado membro de emisión teña disposto no seu ordenamento unha revisión da pena imposta, ou a aplicación de medidas de clemencia ás cales a persoa se acolla conforme o dereito ou práctica do Estado de emisión, de cara á non execución da pena ou medida.

2. Así mesmo, cando a persoa que for obxecto da orde europea para os efectos de emprender unha acción penal fose de nacionalidade española, a súa entrega poderase supeditar, despois de ser oída ó respecto, coa condición de que sexa devolta a España para cumprila pena ou medida de seguridade privativas de liberdade que puidese pronunciar na súa contra o Estado de emisión.

##### Artigo 12. *Causas de denegación.*

1. A autoridade xudicial de execución española denegará a execución da orde europea nos casos seguintes:

a) Cando da información de que dispoña a autoridade xudicial de execución española se desprenda que a persoa reclamada foi xulgada definitivamente polos mesmos feitos por un Estado membro distinto do Estado de emisión, sempre que, en caso de condena, a sanción fose executada, ou estea neses momentos en curso de execución ou xa non poida executarse en virtude do dereito do Estado membro de condena.

b) Cando a persoa que sexa obxecto da orde de detención europea aínda non poida ser, por razón da

súa idade, considerada responsable penalmente dos feitos en que se basee a devandita orde, conforme o dereito español.

c) Cando a persoa reclamada fose indultada en España da pena imposta polos mesmos feitos en que se funda a orde europea e este fose perseguible pola xurisdicción española.

2. A autoridade xudicial de execución española poderá denegar-la execución da orde europea nos casos seguintes:

a) Cando se dea o suposto previsto no artigo 9.2; non obstante, en materia de taxas e impostos, de alfándega e de cambio, non poderá denegarse a execución da orde europea polo motivo de que a lexislación española non impoña o mesmo tipo de taxas ou de impostos ou non conteña o mesmo tipo de regulamentación en materia de taxas e impostos, de alfándega e de cambio que a lexislación do Estado membro emisor.

b) Cando a persoa que for obxecto da orde europea estea sometida a un procedemento penal en España polo mesmo feito que motivase a orde europea.

c) Cando se acordase o sobresemento libre en España polos mesmos feitos.

d) Cando sobre a persoa que for obxecto da orde europea recaese noutro Estado membro da Unión Europea unha resolución definitiva polos mesmos feitos que impida definitivamente o posterior exercicio de dilixencias penais.

e) Cando a persoa obxecto da orde europea fose xulgada definitivamente polos mesmos feitos nun Estado terceiro non membro da Unión Europea, sempre que, en caso de condena, a sanción fose executada ou estea neses momentos en curso de execución ou xa non poida executarse en virtude do dereito do Estado de condena.

f) Cando a orde europea se dictase para os efectos de execución dunha pena ou medida de seguridade privativas de liberdade, sendo a persoa reclamada de nacionalidade española, salvo que consinta en cumprir esta no Estado de emisión. Noutro caso, deberá cumprila pena en España.

g) Cando a orde europea contemple delictos que o ordenamento xurídico español considere cometidos na súa totalidade ou en parte no territorio español.

h) Cando a orde europea contemple delictos que se cometesen fóra do territorio do Estado de emisión e o ordenamento español non permita a persecución deses mesmos feitos se se cometeron fóra do territorio español.

i) Cando conforme a lexislación española o delito en que se funda a orde europea ou a pena imposta prescribisen, se respecto dos feitos delictivos terían sido competentes para a súa persecución os tribunais españois.

### Artigo 13. *Detención e posta á disposición da autoridade xudicial.*

1. A detención dunha persoa afectada por unha orde europea de detención e entrega practicarase na forma e cos requisitos e garantías previstos pola Lei de axuízamento criminal.

2. No prazo máximo de 72 horas trala súa detención, a persoa detida será posta á disposición do xuíz central de instrucción da Audiencia Nacional.

3. Posta a persoa detida á disposición da autoridade xudicial, esta informará da existencia da orde europea, do seu contido, da posibilidade de consentir con carácter irrevogable a súa entrega ó Estado emisor, así como do resto dos dereitos que a asisten.

4. A detención da persoa reclamada será comunicada á autoridade xudicial de emisión polo Xulgado Central de Instrucción.

### Artigo 14. *Audiencia do detido.*

1. A audiencia da persoa detida realizarase ante o xuíz central de instrucción, no prazo máximo de 72 horas desde a posta á disposición xudicial, con asistencia do Ministerio Fiscal, do avogado da persoa detida e, se é o caso, de intérprete, debendo realizarse conforme o previsto para a declaración do detido pola Lei de axuízamento criminal.

2. En primeiro lugar, oírase a persoa detida sobre a prestación do seu consentimento irrevogable á entrega.

Se a persoa detida consentise na súa entrega, redactarase unha acta que recolla este dato, que será subscribida pola persoa detida, o secretario, o representante do Ministerio Fiscal e o xuíz. Na mesma acta farase constar a renuncia a acollerse ó principio de especialidade, de terse producido.

En todo caso, o xuíz central de instrucción comprobará se o consentimento á entrega por parte da persoa detida foi prestado libremente, e con pleno coñecemento das súas consecuencias, en especial do seu carácter irrevogable. Do mesmo xeito procederá respecto da renuncia a acollerse ó principio de especialidade.

A continuación, se non consentise, o xuíz oírás partes sobre a concorrencia de causas de denegación ou condicionamento da entrega.

3. En todo caso, oírase o Ministerio Fiscal sobre a procedencia da entrega ou a imposición de condicións a esta.

4. Na audiencia as partes poderán propor-los medios de proba relativos á concorrencia de causas de denegación ou condicionamento da devandita entrega.

Se a proba non se puidese practicar no curso da audiencia, o xuíz fixará un prazo para a súa práctica, tendo en conta a necesidade de respecta-los prazos máximos previstos nesta lei.

### Artigo 15. *Información adicional.*

1. Cando a orde europea transmitida non conteña a información preceptiva referida no artigo 3, o xuíz central de instrucción solicitará á autoridade xudicial de emisión a información omitida. Igualmente, poderá solicitar da autoridade xudicial de emisión información complementaria sobre os posibles motivos de denegación ou condicionamento da execución.

2. O xuíz central de instrucción poderá fixar un prazo para que se lle envíe a devandita información, tendo en conta a necesidade de respecta-los prazos máximos previstos polo artigo 19.

### Artigo 16. *Traslado temporal ou toma de declaración da persoa reclamada.*

1. Nos supostos previstos no punto 1.a) do artigo 5, se a autoridade xudicial de emisión o solicita, o Xulgado Central de Instrucción poderá acordar, ben que se tome declaración á persoa reclamada conforme o disposto no punto segundo, ou ben o traslado temporal da devandita persoa ó Estado de emisión.

2. A toma de declaración da persoa reclamada levará a cabo a autoridade xudicial de emisión que se trasladará a España e, se é o caso, coa asistencia da persoa designada de conformidade co dereito do Estado de emisión. A devandita declaración practicarase segundo o previsto pola lei española e nas condicións pactadas entre as autoridades xudiciais concernidas. En todo caso, respectarase o dereito á asistencia letrada do detido, o seu dereito a non declarar contra si mesmo e a non se confesar culpable, así como a ser asistido dun intérprete.

O Xulgado Central de Instrucción poderá establecer que a devandita dilixencia se practique na súa presenza

ou coa dun secretario xudicial que deixe constancia do cumprimento das condicións previstas neste artigo e as pactadas entre as autoridades xudiciais que coñecen do procedemento.

3. No caso de se acorda-lo traslado temporal da persoa detida, levarase a cabo o devandito traslado nas condicións e coa duración que se acorde coa autoridade xudicial de emisión. En todo caso, a persoa reclamada deberá volver a España para asistir ás vistas orais que lle concirnan no marco do procedemento de entrega.

#### Artigo 17. *Situación persoal da persoa reclamada.*

1. No curso da audiencia a que se refire o artigo 14, o xuíz central de instrucción, oído o Ministerio Fiscal, decretará a prisión provisional ou a liberdade provisional, adoptando cantas medidas preventivas considere necesarias para asegura-la plena dispoñibilidade dos afectados, e de modo especial as previstas para tal efecto na Lei de axuízamento criminal.

2. O xuíz resolverá atendendo ás circunstancias do caso e a finalidade de asegura-la execución da orde europea.

3. En calquera momento do procedemento e en atención ás circunstancias do caso, o xuíz, oído o Ministerio Fiscal, poderá acordar que cese a situación de prisión provisional, pero en tal caso deberá adoptar algunha ou algunhas das medidas preventivas referidas no punto 1 anterior.

4. Contra as resolucións xudiciais a que se refire este artigo caberá recurso de apelación ante a Sala do Penal da Audiencia Nacional.

#### Artigo 18. *Decisión sobre a entrega da persoa reclamada.*

1. Se a persoa afectada consentiu en ser entregada ó Estado de emisión e o Ministerio Fiscal non advertise causas de denegación ou condicionamento da entrega, o xuíz central de instrucción poderá acordar mediante auto a súa entrega ó Estado de emisión. Este auto ditarase no prazo máximo de 10 días a partir da realización da audiencia e contra el non caberá recurso ningún.

2. Nos demais supostos, o xuíz central de instrucción elevará as súas actuacións á Sala do Penal da Audiencia Nacional. A sala resolverá mediante auto, con observancia do prazo máximo fixado polo artigo seguinte. Contra este auto non caberá recurso ningún.

#### Artigo 19. *Prazos.*

1. A orde europea de detención tramitarase e executarse con carácter de urxencia.

2. Se a persoa reclamada consente a entrega, a decisión xudicial deberá adoptarse nos 10 días seguintes.

3. Se non media consentimento, adoptarase a decisión no prazo de 60 días trala súa detención.

4. Cando por razóns xustificadas non se poida adoptar a decisión nos prazos sinalados, estes poderán prorrogarse por outros 30 días, comunicándolle á autoridade xudicial de emisión tal circunstancia e os seus motivos, mantendo entremetres as condicións necesarias para a entrega.

5. Cando, excepcionalmente, non se poidan cumprir os prazos previstos neste artigo, a autoridade xudicial de execución española informará a Eurojust precisando os motivos da demora.

#### Artigo 20. *Entrega da persoa reclamada.*

1. A entrega da persoa reclamada faraa efectiva un axente da autoridade española, logo de notificación á

autoridade designada para o efecto pola autoridade xudicial de emisión do lugar e datas fixados, sempre dentro dos 10 días seguintes á decisión xudicial de entrega.

2. Se por causas alleas ó control dalgún dos estados de emisión ou de execución non se puidese verificar neste prazo, as autoridades xudiciais implicadas poranse en contacto inmediatamente para fixar unha nova data, dentro dun novo prazo de 10 días desde a data inicialmente fixada.

3. Excepcionalmente, a autoridade xudicial poderá suspender provisionalmente a entrega por motivos humanitarios graves, pero esta deberá realizarse en canto os devanditos motivos deixen de existir. A entrega verificarase nos 10 días seguintes á nova data que se acorde cando os devanditos motivos deixen de existir.

4. Transcorridos os prazos máximos para a entrega sen que a persoa reclamada fose recibida polo Estado de emisión, procederase á posta en liberdade da persoa reclamada, sen que iso sexa fundamento para a denegación da execución dunha posterior orde europea baseada nos mesmos feitos.

5. En todo caso, no momento da entrega a autoridade xudicial de execución española porá en coñecemento da autoridade xudicial de emisión o período de privación de liberdade que sufrise a persoa a que se refira a orde europea, co fin de que sexa deducido da pena ou medida de seguridade que se impoña.

#### Artigo 21. *Entrega suspendida ou condicional.*

1. Cando a persoa reclamada teña un proceso penal pendente ante a xurisdicción española por un feito distinto do que motive a orde europea, a autoridade xudicial de execución española, aínda que resolverse dar cumprimento á orde, poderá suspender a entrega ata a realización de xuízo ou ata o cumprimento da pena imposta.

2. No suposto do punto anterior, a autoridade xudicial de execución española acordará, se así o solicitou a autoridade xudicial de emisión, a entrega temporal da persoa reclamada nas condicións que formalice por escrito coa devandita autoridade xudicial e que terán carácter vinculante para tódalas autoridades do Estado membro emisor.

#### Artigo 22. *Entrega de obxectos.*

1. Por petición da autoridade xudicial emisora ou por propia iniciativa, a autoridade xudicial de execución española intervirá e entregará, de conformidade co dereito interno, os obxectos que constitúan medio de proba ou efectos do delito, sen prexuízo dos dereitos que o Estado español ou terceiros poidan adquirir sobre estes. Neste caso, unha vez concluído o xuízo, procederase á súa restitución.

2. Os obxectos mencionados no punto anterior deberanse entregar mesmo cando a orde de detención europea non poida executarse debido ó falecemento ou á evasión da persoa reclamada.

3. No caso de que os bens estean suxeitos a embargo ou comiso en España, a autoridade xudicial de execución española poderá denega-la entrega ou efectuala con carácter meramente temporal, se iso é preciso para o proceso penal pendente.

#### Artigo 23. *Decisión en caso de concorrencia de solicitudes.*

1. No caso de que dous ou máis estados membros emitisen unha orde europea en relación coa mesma persoa, a decisión sobre a prioridade de execución será adoptada pola autoridade xudicial de execución española, tendo en conta tódalas circunstancias e, en par-

ricular, o lugar e a gravidade relativa dos delitos, as respectivas datas das ordes, así como o feito de que a orde se dictase para os efectos da persecución penal ou para os efectos de execución dunha pena ou unha medida de seguridade privativas de liberdade.

A autoridade xudicial de execución española poderá solicitar, se é o caso, o dictame de Eurojust de cara á elección mencionada.

2. En caso de concorrencia entre unha orde europea e unha solicitude de extradición presentada por un Estado terceiro, a autoridade xudicial de execución española suspenderá o procedemento e remitirá toda a documentación á autoridade central. A proposta de decisión sobre se debe darse preferencia á orde europea ou á solicitude de extradición será elevada polo ministro de Xustiza ó Consello de Ministros, unha vez consideradas tódalas circunstancias e, en particular, as consideradas no punto 1 e as mencionadas en convenio ou acordo aplicable. Este trámite rexerá polo disposto na Lei de extradición pasiva.

3. No caso de que se decida outorgar preferencia á solicitude de extradición, notificaráselle á autoridade xudicial de execución española, que o porá en coñecemento da autoridade xudicial de emisión.

No caso de que se decida outorgar preferencia á orde europea, notificaráselle á autoridade xudicial de execución española co obxecto de que se continúe co procedemento no trámite no que se suspendeu.

4. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo das obrigas derivadas do Estatuto da Corte Penal Internacional.

## CAPÍTULO IV

### Outras disposicións

#### Artigo 24. *Principio de especialidade.*

1. O consentimento ou autorización para o axuizamento, condena ou detención de cara á execución dunha pena ou dunha medida de seguridade privativas de liberdade, por toda infracción cometida antes da entrega dunha persoa e que sexa distinta da que motivou a devandita entrega ó Estado español, presumirase que existe sempre que o Estado da autoridade xudicial de execución lle notificase á Secretaría Xeral do Consello da Unión Europea a súa disposición favorable ó respecto, salvo que nun caso particular a autoridade xudicial de execución declare o contrario na súa resolución de entrega.

2. De se ter formulado a declaración, a persoa entregada a España non poderá ser procesada, condenada ou privada de liberdade por unha infracción cometida antes da súa entrega distinta da que motivou esta, salvo que o Estado de execución o autorizase. Para tal efecto, a autoridade xudicial de emisión española presentarálle á autoridade xudicial de execución unha solicitude de autorización, acompañada da información mencionada no punto 1 do artigo 3.

3. No suposto de que España sexa o Estado de execución, en tanto non se practique a notificación á Secretaría Xeral do Consello a que se refire o punto 1, para o axuizamento, condena ou detención de cara á execución dunha condena ou medida de seguridade privativa de liberdade por toda infracción cometida antes da entrega dunha persoa e que sexa distinta da que motivou a devandita entrega, o Estado de emisión deberá solicita-la autorización á que se refire o punto anterior, que deberá ser adoptada pola autoridade xudicial de execución española no prazo máximo de 30 días, se a infracción que motiva a solicitude fose motivo de entrega de conformidade co disposto nesta lei, e sen prexuízo das garantías a que se refire o artigo 11 desta lei.

4. Os puntos anteriores non serán de aplicación cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Se a persoa renunciou expresamente ante a autoridade xudicial de execución ó principio de especialidade antes da entrega.

b) Se a persoa renunciou expresamente, despois da entrega, a acollerse ó principio de especialidade en relación con determinadas infraccións anteriores á súa entrega. A renuncia efectuarase ante a autoridade xudicial competente do Estado membro emisor, e levantarase acta dela conforme o dereito interno deste. A renuncia efectuarase en condicións que poñan de manifesto que a persoa o fixo voluntariamente e con plena conciencia das consecuencias que iso comporta. Con este fin, a persoa terá dereito á asistencia dun avogado.

c) Se, tendo a oportunidade de saír do territorio do Estado membro ó que foi entregada, a persoa non o fixo nun prazo de 45 días desde a súa posta en liberdade definitiva, ou volveu ó devandito territorio despois de ter saído del.

d) Cando a infracción non sexa sancionable cunha pena ou medida de seguridade privativas de liberdade.

e) Cando o proceso penal non conclúe coa aplicación dunha medida restrictiva da liberdade individual da persoa.

f) Cando a persoa estea suxeita a unha pena ou medida non privativas de liberdade, incluídas as sancións pecuniarias, ou a unha medida equivalente, aínda cando a devandita pena ou medida puidesen restrinxir-la súa liberdade individual.

#### Artigo 25. *Tránsito.*

1. O tránsito dunha persoa para a execución dunha orde europea por territorio español requirirá unicamente a achega polo Estado de emisión dos seguintes datos:

a) A identidade e nacionalidade da persoa que é obxecto da orde europea.

b) A existencia dunha orde europea.

c) A cualificación xurídica do delito.

d) A descrición das circunstancias do delito, incluídos a data e o lugar.

2. Exceptúase o tránsito aéreo sen escalas, salvo se se producise unha aterraxe forzosa.

3. En España, a competencia para recibirla información sobre o tránsito correspóndelle á autoridade central.

#### Artigo 26. *Entrega ulterior.*

1. O consentimento para a entrega polo Estado español dunha persoa a outro Estado membro, en virtude dunha orde europea dictada para unha infracción cometida antes da súa entrega, presumirase que foi dado respecto de todos aqueles estados de execución que lle notificasen á Secretaría Xeral do Consello a súa disposición favorable ó respecto, a menos que nun caso particular a autoridade xudicial de execución declare o contrario na súa resolución de entrega.

2. O Estado español tampouco necesitará o consentimento da autoridade xudicial de execución, para entregar unha persoa que lle fose entregada en execución dunha orde europea por unha infracción cometida antes da súa entrega, nos seguintes casos:

a) Se a persoa reclamada, tendo ocasión de abandonar-lo territorio do Estado ó que foi entregada, non o fixo no prazo de 45 días desde a súa posta en liberdade definitiva, ou regresou ó devandito territorio despois de abandonalo.

b) Se a persoa reclamada consentiu en ser entregada a outro Estado membro distinto do Estado membro

de execución en virtude dunha orde de detención europea. O consentimento prestarase ante a autoridade xudicial competente do Estado membro emisor, e levantarase acta del conforme o dereito interno deste. O consentimento prestarase en condicións que poñan de manifesto que a persoa o fixo libremente e con pleno coñecemento das súas consecuencias. Con este fin, a persoa reclamada terá dereito á asistencia dun avogado.

c) Se a persoa reclamada non se acolle ó principio da especialidade, de conformidade co disposto nas alíneas a), b) e c) do punto 4 e no punto 2 do artigo 24.

3. Nos supostos non considerados no punto anterior, o Estado español necesitará a autorización da autoridade xudicial de execución, que se solicitará de conformidade co disposto no artigo 6 achegando á solicitude a información mencionada no punto 1 do artigo 3 e unha tradución.

4. O consentimento do Estado español para a entrega polo Estado de emisión a un Estado terceiro, en virtude dunha orde europea dictada para unha infracción cometida antes da súa entrega, en tanto non sexa realizada por España a declaración á que se refire o punto 1 deste artigo, esixirá a solicitude de autorización polo Estado de que se trate que deberá adoptarse pola autoridade xudicial de execución española no prazo máximo de 30 días, se a infracción que motiva a solicitude fose motivo de entrega de conformidade co disposto nesta lei, e sen prexuízo das garantías a que se refire o artigo 11 desta lei.

#### Artigo 27. *Entrega ulterior a unha extradición.*

1. No caso de que a persoa reclamada fose extraditada a España desde un Estado terceiro, e de que estivese protexida por disposicións do acordo en virtude do cal foi extraditada relativas ó principio de especialidade, a autoridade xudicial española de execución solicitará a autorización do Estado que a extraditou para que poida ser entregada ó Estado de emisión. Os prazos considerados no artigo 19 comezarán a contar na data en que as devanditas regras relativas ó principio de especialidade deixen de aplicarse.

2. En tanto se tramita a autorización, a autoridade xudicial española de execución garantirá que se seguen a da-las condicións materiais necesarias para unha entrega efectiva.

#### Artigo 28. *Extradición ulterior.*

1. Cando unha persoa fose entregada a España en virtude dunha orde europea, se é solicitada posteriormente a súa extradición por un Estado que non sexa membro da Unión Europea, non poderá outorgarse a devandita extradición sen o consentimento da autoridade xudicial de execución que acordou a entrega, para o cal o Xulgado Central de Instrucción cursará a pertinente solicitude.

2. Se as autoridades xudiciais españolas tiveran acordado a entrega dunha persoa a outro Estado membro da Unión Europea, en virtude dunha orde europea, e lles fose solicitado o seu consentimento polas autoridades xudiciais de emisión co fin de proceder á súa extradición a un Estado terceiro non membro da Unión Europea, o dito consentimento prestarase de conformidade cos convenios bilaterais ou multilaterais nos que España sexa parte, tendo a petición de autorización a consideración de demanda de extradición para estes efectos.

#### Artigo 29. *Inmidades e privilexios.*

1. Cando a persoa a que se refire a orde europea goce de inmidade en España, a autoridade xudicial de execución solicitaralle sen demora á autoridade competente o levantamento do devandito privilexio. Se compete a outro Estado ou a unha organización internacional, corresponderalle face-la solicitude á autoridade xudicial que emitise a orde europea, para o cal a autoridade xudicial de execución lle comunicará á de emisión a devandita circunstancia.

2. En tanto se resolve sobre a solicitude de retirada da inmidade á que se refire o punto anterior, a autoridade xudicial de execución deberá adoptar as medidas preventivas que considere necesarias para garantir unha entrega efectiva cando a persoa deixe de gozar dun privilexio ou inmidade deste tipo.

3. Unha vez que fose informada a autoridade xudicial de execución da retirada da inmidade ou privilexio antes referidos, comezarán a computarse os prazos previstos nesta lei.

4. Cando a persoa a que se refire a orde europea chegase a España como consecuencia dunha extradición dun Estado terceiro non pertencente á Unión Europea, e a entrega estea limitada ó delito para o que se concedeu, os prazos de resolución citados no punto anterior comezarán a correr dende que as autoridades do Estado que extraditou a persoa reclamada mostren a súa conformidade para que quede sen efecto o principio de especialidade e poida entregarse o individuo ó Estado emisor da orde europea. Mentres se notifica a decisión, o xuíz ou tribunal manterá as condicións precisas para face-la entrega, se é o caso.

#### Disposición adicional primeira. *Relación con outros instrumentos xurídicos.*

As condicións, requisitos e procedemento para emitir e dar cumprimento á orde de detención europea rexeranse polo establecido nesta lei, salvo o previsto nos convenios bilaterais ou multilaterais subscritos por España nos que se simplifique ou facilite o procedemento de entrega, de acordo co disposto no punto segundo do artigo 31 da Decisión marco.

#### Disposición adicional segunda. *Transmisión da orde europea a través da Rede Xudicial Europea.*

A transmisión da orde europea a que se refire o artigo 7, primeiro parágrafo, desta lei, poderase efectuar, no momento en que sexa operativo, a través do sistema de telecomunicacións protexido da Rede Xudicial Europea, regulada na Decisión 2002/187/JAI, do 28 de febreiro de 2002.

#### Disposición adicional terceira. *Remisión e execución de ordes europeas provenientes ou dirixidas a Xibraltar.*

A aplicación das disposicións no que respecta a ordes europeas provenientes ou dirixidas á colonia británica de Xibraltar rexeranse polo disposto no «Régime acordado sobre autoridades de Xibraltar no contexto dos instrumentos da Unión Europea e da Comunidade Europea e tratados conexos», contido no documento do Consello 7998/00 JAI 45 MI 73, do 19 de abril de 2000.

#### Disposición transitoria primeira. *Equivalencia da descrición do Sistema de Información Schengen.*

Con carácter provisional, ata o momento en que o Sistema de Información Schengen teña capacidade para transmitir toda a información que figura no artigo 3, a descrición equivalerá a unha orde europea ata que a autoridade xudicial de execución reciba o orixinal en boa e debida forma.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio.*

1. Esta lei será aplicable ás ordes europeas de detención e entrega que se emitan con posterioridade á súa entrada en vigor, aínda cando se refiren a feitos anteriores a ela.

2. Os procedementos de extradición que estean en curso no momento da entrada en vigor desta lei seguiranse a tramitar como tales ata a súa conclusión.

3. As disposicións desta lei só serán aplicables respecto dos estados membros que lle notificasen á Secretaría Xeral do Consello e á Comisión da Unión Europea o texto e a entrada en vigor das disposicións de adaptación das súas lexislacións nacionais, en virtude das obrigas derivadas da Decisión Marco do Consello da Unión Europea 2002/584/JAI, do 13 de xuño de 2002, relativa á orde de detención europea e ós procedementos

de entrega entre estados membros. Entrementres, e respecto dos demais estados membros, continuaranse aplicando as disposicións vixentes en materia de extradición ata a data en que nos devanditos estados membros se apliquen aquelas disposicións.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 14 de marzo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ



## ANEXO

Orde de detención europea<sup>1</sup>

Esta orde foi dictada por unha autoridade xudicial competente. Solicito a detención e entrega ás autoridades xudiciais da persoa mencionada a continuación, para efectos de axuizamento penal ou de execución dunha pena ou dunha medida de seguridade privativas de liberdade.

## a) Información relativa á identidade da persoa buscada:

Apelido(s): .....

Nome(s): .....

Apelido(s) de solteira (se é o caso): .....

Alias (se é o caso): .....

Sexo: .....

Nacionalidade: .....

Data de nacemento: .....

Lugar de nacemento: .....

Residencia e/ou domicilio coñecido: .....

No caso de coñecerse: idioma(s) que entende a persoa buscada: .....

.....

Trazos físicos particulares/descripción da persoa buscada: .....

.....

Fotografía e impresións dactilares da persoa buscada, se están dispoñibles e poden transmitirse ou datos da persoa á que dirixirse co fin de obtelas ou de obter unha caracterización do ADN (se non se incluíu tal información e se dispón dela para a súa transmisión)

## b) Decisión sobre a que se basea a orde de detención

1. Orde de detención ou resolución xudicial executiva de igual forza: .....

Tipo: .....

2. Sentencia executiva: .....

Referencia: .....

<sup>1</sup>Esta orde deberá redactarse ou traducirse nunha das linguas oficiais do Estado membro de execución, se se coñece o dito Estado, ou en calquera outra lingua aceptada por este.

## c) Indicacións sobre a duración da pena:

1. Duración máxima da pena ou medida de seguridade privativas de liberdade que pode dictarse pola infracción ou as infraccións:

.....

2. Duración da pena ou medida de seguridade privativa de liberdade imposta:

.....

.....

Pena que queda por cumprir:

.....

.....

d) Resolución dictada en rebeldía e ó termo dun procedemento xudicial durante o cal a persoa estaba ausente ou non representada (rísquese o que non procede e precisar):

- A persoa de que se trata foi dictada persoalmente ou informada por outros medios da data e lugar da vista en que se dictou a resolución en rebeldía

ou

- A persoa de que se trata non foi citada persoalmente nin informada por outros medios da data e lugar da vista en que se dictou a resolución en rebeldía, pero dispón das seguintes garantías xurídicas trala entrega ás autoridades xudiciais (se tales garantías poden presentarse anticipadamente):

Precisa-las garantías xurídicas:

.....

.....

.....

## e) Infracción(s):

Esta orde refírese a un total de .... infracción(s).

Descrición das circunstancias en que se cometeu/cometeron a infracción(s), incluído o momento (data e hora), lugar e grao de participación nela(s) da persoa buscada:

.....  
.....  
.....

Natureza e tipificación legal da infracción(s) e disposición legal ou código aplicable:

.....  
.....  
.....

I. Márquense os recadros correspondentes se se trata dunha ou varias das infraccións seguintes castigadas no Estado membro emisor cunha pena ou unha medida de seguridade privativas de liberdade dun máximo de alomenos 3 anos, segundo están definidas no dereito do Estado membro emisor:

- pertenza a unha organización delictiva,
- terrorismo,
- trata de seres humanos,
- explotación sexual dos nenos e pornografía infantil,
- tráfico ilícito de estupefacients e substancias psicotrópicas,
- tráfico ilícito de armas, municións e explosivos,
- corrupción,
- fraude, incluída a que afecte os intereses financeiros das Comunidades Europeas de acordo co convenio do 26 de xullo de 1995, relativo á protección dos intereses financeiros das Comunidades Europeas,
- branqueo dos produtos do delito,
- falsificación de moeda, incluída a falsificación do euro,
- delitos de alta tecnoloxía, en particular, delito informático,
- delitos contra o ambiente, incluído o tráfico ilícito de especies animais protexidas e de especies e variedades vexetais protexidas,
- axuda á entrada e residencia en situación ilegal,
- homicidio voluntario, agresión con lesións graves,
- tráfico ilícito de órganos e tecidos humanos,

0 secuestro, detención ilegal e toma de reféns,  
 0 racismo e xenofobia,  
 0 roubos organizados ou a man armada,  
 0 tráfico ilícito de bens culturais, incluídas as antigüidades e as obras de arte,  
 0 estafa,  
 0 chantaxe e extorsión de fondos,  
 0 violación de dereitos de propiedade industrial e falsificación de mercadorías,  
 0 falsificación de documentos administrativos e tráfico de documentos falsos,  
 0 falsificación de medios de pagamento,  
 0 tráfico ilícito de substancias hormonais e outros factores de crecemento,  
 0 tráfico ilícito de materiais radioactivos ou substancias nucleares,  
 0 tráfico de vehículos roubados,  
 0 violación,  
 0 incendio voluntario,  
 0 delitos incluídos na xurisdicción da Corte Penal Internacional,  
 0 secuestro de aeronaves e buques,  
 0 sabotaxe

II. Descrición detallada da infracción(s) distinta(s) das enumeradas no punto I:

.....  
 .....

f) Outras circunstancias relacionadasco caso (información facultativa):

*(NB Poden incluírse observacións sobre extraterritorialidade, suspensión de prazos de prescripción de limitación temporal e outras consecuencias da infracción)*

.....  
 .....

g) Esta orde refírese igualmente á intervención e entrega dos obxectos que poidan servir de proba.

Esta orde refírese igualmente á intervención e entrega de obxectos en poder da persoa buscada de resultas da infracción:

Descrición e localización dos obxectos (en caso de coñecerse):

.....  
 .....

- h) A infracción(s) pola(s) que se emitiu esta orde é(son) punible(s) / deu(deron) lugar a unha pena ou medida de seguridade privativas de liberdade de carácter perpetuo:
- O ordenamento xurídico do Estado membro emisor dispón revisa-la pena imposta –logo de petición ou cando transcorresen alomenos 20 anos-, para efectos de non execución da pena ou medida.
  - O ordenamento xurídico do Estado membro emisor dispón aplica-las medidas de clemencia a que ten dereito a persoa en cuestión, de acordo co dereito ou práctica do Estado membro emisor, para efectos de non execución da pena ou medida.

i) Autoridade xudicial emisora desta orde:

Denominación oficial: .....

Nome do seu representante<sup>2</sup>: .....

Función (cargo/grao): .....

Referencia do expediente: .....

Enderezo: .....

Nº de teléfono: (prefixo de país) (prefixo de cidade) (...) .....

Nº de fax: (prefixo de país) (prefixo de cidade) (...) .....

Correo electrónico: .....

Datos da persoa de contacto para os aspectos prácticos da entrega: .....

<sup>2</sup> Incluirase, nas diferentes versións lingüísticas, unha referencia ó titular da autoridade xudicial.

No caso de designarse unha autoridade central para a transmisión e recepción administrativa das ordes de detención europeas:

Nome da autoridade central: .....

.....

Persoa de contacto, se é o caso (cargo/grao e nome): .....

.....

Enderezo: .....

.....

Nº de teléfono (prefixo de país) (prefixo de cidade) (...) .....

Nº de fax: (prefixo de país) (prefixo de cidade) (...) .....

Correo electrónico: .....

Sinatura da autoridade xudicial emisora, do seu representante ou de ambos: .....

.....

Nome: .....

Función (cargo/grao): .....

Data: .....

Selo oficial (se o hai):